



# MEMBROS DO TRIBUNAL DE OPOSICIÓN


(Orde do 18 de febreiro de 2026)

## CAUSAS DE EXENCIÓN



### 1. TRIBUNAL

Persoas que actuaron como membros dun Tribunal de oposición no 2021 en adiante.



### 2. DIRECCIÓN

Persoas que sexan directoras ou directores de centro.




### 3. PIALE

Ás persoas seleccionadas para participar na modalidade 2 do PIALE



### 4. PERMISO SINDICAL

Persoas que teñen permiso sindical a tempo total.



### 5. REDUCCIÓN DE XORNADA

Persoas que estean a gozar dunha redución de xornada con anterioridade ao 1 de maio de 2026 e que continúen durante o período no que lle correspondería actuar no tribunal.



### 6. PERMISOS E INCAPACIDADE

Persoas que estean gozando do permiso de nacemento, adopción, por garda con fins de adopción, ou acollemento, tanto temporal como permanente, e as que estean en situación de incapacidade temporal regulamentariamente concedida.



### 7. PERSOAS PREPARADORAS

Ás persoas que realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes aos procedementos selectivos para calquera corpo e especialidade, nos 5 anos anteriores a esta publicación.

\* Agás no permiso sindical e nos permisos de nacemento, adopción ou acollemento, non se concederá a suplencia cando non se poidan constituír os tribunais co número suficiente de persoal funcionario da especialidade correspondente.

## ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN

### PARENTESCO E AMIZADE

Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados. Así como ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas.

### RELACIÓN XURÍDICA

Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.  
Ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

### INTERESE PERSOAL

Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.